

Co apoio de 14 dos membros do Plenario da Real Academia Galega, a figura de Florencio Delgado Gurriarán foi a escollida para protagonizar os actos do Día das Letras Galegas de 2022. Poeta renovador e activista cultural que despregou unha infatigábel actividade no exilio, a súa vida e obra serán estudadas ao longo deste ano.

As letras de Florencio



Delgado Gurriarán nunha foto no seu exilio

A Academia quiere homenaxear o exilio mexicano na súa figura Delgado Gurriarán protagonizará o Día das Letras do ano 2022

M. Xestoso | Nós Diario

Activista cultural, editor, tradutor, articulista, poeta, e non necesariamente nesa orde. Florencio Delgado Gurriarán é o autor escollido polo Plenario da Real Academia Galega como centro do Día das letras galegas do ano 2022. Nado na parroquia de Cór-gomo, no concello de Vilamartín de Valdeorras, en 1903, Delgado Gurriarán foi o elixido entre unha terna de candidaturas que incluía, ademais, Fiz Vergara Vilariño e a parella constituída por Ánxel Casal e Federico García Lorca.

Segundo a Academia, a través da súa figura, homenaxearase tamén "a Galiza do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea".

Efectivamente, Delgado Gurriarán exiliouse en México despois da Guerra civil, e desde alí promoveu iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México, a revista *Vieiros* —da que foi director canda Carlos Velo e Luís Soto—, a

audición radiofónica *Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e de varias publicacións de carácter político e cultural.

Antes, o homenaxeado do vindeiro ano pasara unha complexa peripecia que o levou desde Valdeorras ao Porto, desde alí a Bordeos, en Francia, e finalmente á Barcelona republicana —xa en 1938— onde pasou a desenvolver o cargo de Secretario de Propaganda do Partido Galeguista, ao que pertencía desde 1933.

Poeta vangardista

Delgado Gurriarán pasou a súa infancia e adolescencia en Palencia, onde estaba destinado o seu pai, cursou a carreira de Dereito na Universidade de Valladolid e, tras licenciarse, volveu á Galiza.

Cara a 1931 iniciou a súa carreira de poeta publicando diversas composicións no semanario ourensán *Heraldo de Galicia* baixo o pseudónimo *Corgomófilo*. En 1934 publica *Bebedeira*, na editorial Nós, un volume no que segue o ronsel do hiloísmo de Amado Carballo e da renovación vangardista da poesía do seu tempo.

Absorto no seu labor de dinamización cultural no exilio, non volverá publicar máis libros de poemas até 1963, ano en que ve a luz *Galicia infinda* (Galaxia), que contén un apartado, "Poemas mexicanos" que constitúe unha renovación da súa propia estética.

Tamén saíron do prelo na Galiza os seus dous últimos poemarios: *Cantarenas* (Edicións do Castro, 1981) e *O soño do guieiro* (Edicións do Castro, 1986), nos que alterna a poesía satírica, a lembranza da súa terra natal e versos de ton épico.

Activista cultural

Tras a súa chegada a México, Delgado Gurriarán iniciou un labor de editor e activista cultural na que destacan a publicación do *Cancioneiro da loita galega* (1943), unha colectánea da que foi responsábel e principal colaborador (contribuíu con dezaseis poemas, baixo o pseudónimo *Nadel*), e a colección *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1946), en cuxa composición colaborou con Plácido Castro e Lois Tobío e á que contribuíu con traducións de Valery, Mallarmé e Rimbaud.

Dez anos máis tarde, en 1956, o seu traballo tamén estivo detrás

da publicación doutro volume colectivo, *Presencia de Galicia en México* (Padroado da Cultura Galega), no que colaboran intelectuais como o historiador catalán Pere Bosch i Gimpera.

Vieiros

En 1953 créase o Padroado da Cultura galega de México coa finalidade de promover distintas iniciativas culturais relacionadas coa cultura galega, e Florencio Delgado Gurriarán participa na creación e na organización de varios proxectos como a emisión do programa radifónico *Hora de Galicia*, que durou case vinte anos e que transmitía todos os domingos noticias, música galega e información cultural.

Non obstante, o seu gran fito como activista e organizador foi a creación —xunto co escritor Luís Soto e o cineasta Carlos Velo— de *Vieiros* (1959-1968), a revista na que puideron atoparse as voces do exilio e as que ficaron na Galiza. Nela participaron a maioría dos vultos da cultura galega da altura: Guerra da Cal, Fernández del Riego, Xohana Torres, Carvalho Calero, Méndez Ferrín, Ramón Piñeiro,

Homenaxe ao exilio mexicano

A través da figura de Delgado Gurriarán a Academia homenaxeará a Galiza do exilio republicano en México, país onde el e outros exiliados crearon algunhas das ferramentas de máis valor para unir os galeguistas do exilio cos que permaneceron no país, desde a revista *Saudade* até a sinatura do Pacto Galeuzca entre os exiliados galegos, cataláns e vascos: el foi un dos asinantes en nome do Partido Galeguista.

Deste grupo facían parte figuras como o cineasta Carlos Velo, o músico Xesús Bal y Gay, o xornalista Ramón Cabanillas fillo ou Elixio Rodríguez.

Delgado Gurriarán foi un home ponte entre a Galiza exiliada en México e a Galiza interior. Por iso, segundo a Academia, "o seu Día das Letras Galegas será tamén unha homenaxe serodia a todo o exilio mexicano, cuantitativamente menor que o arxentino mais dunha importancia igualmente capital".

Otero Pedrayo ou Paz-Andrade entre outros moitos, ademais de ilustradores como Díaz Pardo, Luís Seoane, Maside, Reimundo Patiño ou Arturo Souto.

Florencio Delgado Gurriarán volveu temporalmente a Galiza en 1968, 1976 e 1981. Foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega no ano 1981 en recoñecemento ao seu labor como escritor e activista dende a diáspora. Faleceu en 1987, aos 83 anos, na casa dun dos seus fillos, en Fair Oaks, California. As súas cinzas foron trasladadas a Cór-gomo en xullo dese mesmo ano.